

Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

Centro: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Curso: 2023/2024

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Coordinación de Calidade	Comisión de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura: 4-07-2025	Data e sinatura: 4-07-2025

O decano

A secretaria accidental

Índice

I	INTRODUCCIÓN	3
II	ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO.....	6
III	ACCIÓNS DE MELLORA	34
IV	CADRO DE MANDO	35
V	QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS.....	37
VI	PROGRAMA ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO	37
VII	ANEXOS.....	39

I INTRODUCCIÓN

I.1 Descrición do centro e das titulacións

No curso 23/24 mantivéronse as titulacións que se estaban a impartir, Graos en ADE e Turismo, PCEOS en ADE/Dereito, ADE/Informática, e Turismo/Xeografía e Historia e os mestrados en Xestión Empresarial do Deporte e en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde. En xullo de 2024 a Xunta de Galicia autoriza a implantación no SUG do Máster interuniversitario en Economía Circular que se empezará a impartir no curso 25/26. Cabe mencionar que os estudantes do grao en Turismo e de ADE poden finalizar os seus estudos na Universidade de Bremerhaven (Alemaña), obtendo a titulación por ambas universidades. No curso 22/23 saíu a primeira promoción da dobre titulación. Ademais, no curso 23/24 asinouse un acordo de cooperación entre a FCETOU e o Instituto de termalismo da Universidade de Burdeos. O centro ten como obxectivo prioritario promover que o alumnado se implique na oferta formativa internacional.

No curso que nos ocupa o Centro non estivo sometido a ningún proceso de avaliación externa nin interna, pero estivo a traballar tendo en conta que no curso 24/25 tense que someter ó proceso de acreditación, marcándose como obxectivo o desenvolvemento do programa estratéxico. Ademais, aprobouse a declaración de interese de modificación dos títulos de Grao en Turismo e Mestrado Universitario en Xestión Empresarial do Deporte e Mestrado en Dirección e Planificación do Turismo de Interior e de Saúde para adaptar as súas memorias de titulación ao RD 822/2021.

A Comisión de Calidade o 20/03/2024 aprobou o anexo complementario de modificacións non substanciais formulado pola Área de Calidade segundo o requirido pola ACSUG, onde se recolle a formación básica vinculada tanto o ámbito de coñecemento do Grao en Administración e Dirección de Empresa como de Turismo. Tamén se aprobou unha modificación da memoria co fin de adaptala ao novo regulamento de titulacións universitarias aprobado polo RD 8/2022, así como a nova situación derivada da desadscripción do título de Grao en ADE ao IESIDE.

Non se produciron cambios organizativos no centro, manténdose a mesma equipa decanal.

O SIGC foi actualizado seguindo as directrices marcadas pola Área de Calidade da Universidade. Neste curso actualizáronse os seguintes procedementos: DE-02 P1 Seguimento e Medición; DO - 0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais e o DO - 0102 P1 Seguimento e mellora das titulacións, todos con data de aprobación en Xunta de Facultade 20/12/2023.

I.2 Datos e Indicadores

Os datos e indicadores que se utilizarán para realizar a revisión atópanse no cadro de mando asociado ao procedemento “DE-02 Seguimento e Medición”, dispoñible en formato Excel na seguinte ligazón da páxina web do centro: <https://fcetou.uvigo.es/es/calidad/sgc/resultados-de-medicion/>

I.3 Outros datos salientables

O longo do curso mantivéronse e potenciáronse iniciativas implantadas co obxectivo claro de potenciar a internacionalización da nosa facultade. Nese senso, destacamos, entre outros os seguintes fitos: Os estudantes, tanto da nosa facultade como de Bremenhaven, acadaron os obxectivos propostos e conseguiron ámbolos dous títulos oficiais, obtendo importantes distincións polo seu desempeño tanto a nivel rexional como nacional (Premios TFG). Igualmente, téñense mantido os importantes convenios internacionais de prácticas en hoteis da cadea RIU (México, Xamaica, Costa Rica).

Por outra banda, consolidáronse os Joint Seminars do alumnado tanto de Turismo como de ADE da nosa facultade coas universidades HTW Saarbrücken e HS Bremerhaven respectivamente, ambas en Alemaña, comezando a organizar a súa andadura de xeito presencial e complementando con actividades virtuais ou mixtas.

O Joint Seminar celebrouse entre os días 24 e o 28 de setembro de 2023 con Saarlandes (Germany) e ca temática “Xestión cultural e turismo: o poder dos produtos rexionais”.

En setembro de 2023, a Facultade participou no acto de benvida ao alumnado internacional do campus de Ourense. Durante o segundo cuadrimestre, a Universidade de Vigo contou con 241 estudantes estranxeiros de programas de mobilidade, sumando un total de 480 ao longo do curso 2023/2024. A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo acolleu a cinco destes estudantes, procedentes de países como Turquía, Portugal, Francia, Italia e Estados Unidos. O acto de benvida tivo lugar no edificio Xurídico-Empresarial e contou coa presenza de representantes da Facultade e da Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo.

No mes de outubro de 2023, iniciouse a quinta edición do programa de mentorización META, unha iniciativa que busca conectar ao alumnado dos últimos cursos dos graos en Administración e Dirección de Empresas e Turismo con profesionais do ámbito empresarial. Nesta edición, participaron catro estudantes seleccionados por convocatoria pública, aos que se lles asignou un mentor ou mentora.

Foron realizadas ademais actividades específicas relacionadas coa inserción do alumnado no mercado laboral. O principal obxectivo desta actividade é preparar ó alumnado para a súa inserción no mercado laboral e relacionarse cos empregadores que formarán parte do seu futuro laboral, dando

relevancia as prácticas no estranxeiro do programa Erasmus+, os novos convenios de prácticas curriculares con empresas nacionais e internacionais.

Tamén se fomenta a participación do alumnado no programa de captación de talento que ten o Grupo HOTUSA, o programa Talent Mach, segundo os seus intereses e perfil.

Por outra banda, se fixeron saídas de campo que complementan as competencias laborais de forma practica do alumnado. Estas actividades desenvolvéronse coa finalidade de achegar ao alumnado ó coñecemento *in situ* dos sistemas turísticos da Comunidade Autónoma Galega en xeral, e de modo particular, da provincia de Ourense, coa finalidade de realizar unha análise do sistema turístico máis próximo.

Esta acción complementábase con relatorios que imparten os/as responsables da actividade turística de cada espazo territorial visitado, dando unha visión práctica dos recursos, planta turística e accesibilidade ao devandito espazo.

En definitiva, neste curso académico consolidáronse todos os proxectos de internacionalización vixentes e se continua a traballar na realización de actividades para o alumnado, para facilitar a súa inserción no mercado laboral e para o coñecemento *in situ* dos sistemas turísticos.

II ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO

Neste apartado analizaranse os resultados de cada unha das titulacións adscritas ao centro.

II.1 Titulacións da FCETOU

Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado.

Reflexión sobre á Organización e Desenvolvemento da titulación:

GRAO EN ADE

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada, sen incidencias e houbo unha correcta adquisición de competencias por parte do alumnado.

En xuño de cada curso escolar os profesores da titulación reciben o encargo por parte dos coordinadores de curso de revisar e actualizar as guías docentes, o que permite actualizar contidos, revisar que os resultado de aprendizaxe foron alcanzados e que non existen solapamentos entre materias. Ademais, o coordinador do título reúnese co profesorado ó final de cada cuadrimestre para tratar estas cuestións (pódense consultar os informes de coordinación recollidos no Informe PAT-ENEAE) e analizar e valorar a marcha do curso. Estas reunións permiten detectar desviacións e adoptar as medidas necesarias para corrixilas.

O programa formativo é adecuado e está actualizado; esta afirmación baséase nos datos que a continuación comentamos e que evidencian a preferencia e satisfacción do alumnado e dos titulados con esta titulación. Se nos fixamos na demanda do título vemos que no curso 23/24 houbo 81 alumnos de nova matrícula e unha taxa de preferencia do 95.3%, que excede ó obxectivo marcado en 11 puntos porcentuais, o que nos permite afirmar que a titulación é demandada. Se nos fixamos nos resultados de inserción laboral este indicador está ó redor do 76%, e se nos centramos no grado de satisfacción dos alumnos e dos titulados este sitúase no 3.62 e 3.34 respectivamente. A valoración destes últimos datos é satisfactoria aínda que teñen espazo de subida. Se comparamos estes datos cos dos dous últimos cursos, podemos apreciar unha evolución positiva; en concreto a valoración dos estudantes pasou dun 2.77 no curso 21/22 a un 3,06 no 22/23, o que pon de manifesto unha mellora na percepción que ten o alumnado da titulación. Destacar que a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción neste curso foi moi baixa confirmando a tendencia descendente que se viña manifestando dende o curso 21/22, e que fai que non haxa datos completos para o curso 23/24. A equipa decanal considera necesario adoptar algunhas medidas co fin de mellorar esta situación; aínda que o levará a análise pola comisión de calidade, unha posible medida sería pedir aos alumnos que fagan a enquisa de forma presencial no transcorrer dunha clase.

Pola súa banda, o grado de satisfacción das persoas tituladas, repunta tras unha baixada no curso anterior (3.12), que consideramos puntual, se ben dende a equipa decanal observárase a evolución deste indicador.

Os bos datos de demanda e de satisfacción ca titulación están en liña ca satisfacción que mostran estudantes, profesorado e titulados ca organización e desenvolvemento da docencia, que sitúase nun 3.63, un 3.97 e un 3.02 respectivamente. Consideramos que estes valores evidencian o correcto desenvolvemento dos plans de estudos, a consecución dos resultados de aprendizaxe e a adecuada consecución das competencias requiridas.

Outro aspecto que nos parece relevante analizar é a vinculación da titulación co tecido empresarial da contorna e que, entre outras formas, manifestase a través da realización das prácticas extracurriculares que fai o alumnado. Temos que destacar que neste curso fixeron prácticas 28 estudantes, a maioría deles en asesorías e consultoras, ou en empresas de maior tamaño como Coren ou Aceites Abril. S.L. Consideramos que a realización de prácticas por parte do alumnado é unha actividade a fomentar dende o centro por ser a formación práctica determinante neste tipo de titulacións.

Por último, e dada a aposta significativa do centro ca internacionalización, é preciso analizar os indicadores de mobilidade. Os datos reflexan unha participación nos programas de mobilidade por parte do alumnado moi baixa, do 1.1% e un 6,4% por parte do profesorado. Dende a equipa decanal consideramos que esta situación ten que mudar, polo que se levará a cabo o deseño e planificación de diversas accións que permitan reverter esta situación que se articularán ó redor dos seguintes eixos: información en cursos previos para que poidan considerar esta opción no deseño do seu CV, contacto directo cos estudantes que mostren interese por esta opción para traballar diversas habilidades e competencias, e acompañamento no proceso burocrático para que non supoña unha traba.

As queixas relacionadas ca organización da docencia foron analizadas e respondidas en tempo e forma. Cabe destacar que na reunión que mantén de forma periódica o coordinador do grao cos profesores, estes manifestaron o seu desacordo ca eliminación dos grupos de aula reducidos, que supoñen unha minoración das horas lectivas, e a implantación da obrigatoriedade de que ningunha proba de avaliación pondere por riba do 40%.

GRAO DE TURISMO

O desenvolvemento do plan de estudos do grao en Turismo realizouse conforme á memoria verificada, sen incidencias significativas no plano académico ou organizativo. A planificación docente foi executada correctamente e o seguimento da titulación realizouse a través das reunións de coordinación de curso ao final de cada cuatrimestre, o que permitiu revisar a marcha do curso e introducir axustes necesarios para garantir a adquisición de competencias por parte do estudantado.

Porén, esta titulación presenta un problema recorrente de baixa demanda, cun número de estudantes de novo ingreso no curso 2023/24 de 16 alumnos, o que representa unha taxa de ocupación do 29%, claramente por debaixo do obxectivo fixado. A taxa de preferencia situouse en torno ao 47%, tamén afastada da meta definida, o que evidencia unha feble percepción social do título entre o alumnado potencial.

En contraste con estes datos cuantitativos negativos, a satisfacción do alumnado coa titulación mellora respecto de cursos anteriores. A valoración media do alumnado ascende a 3,06, fronte ao 2,77 do curso 2021/22, o que reflicte unha evolución positiva. A participación nas enquisas tamén aumentou, pasando dun 11% a un 33%, dato relevante para mellorar a representatividade das análises. A valoración por parte das persoas tituladas mantense estable (3,12), con lixeira tendencia á alza.

A nivel organizativo e de desenvolvemento da docencia, os valores de satisfacción son consistentes: alumnado (3,63), profesorado (3,97) e titulados (3,02), todos por riba do limiar de satisfacción mínima. Estes datos reflicten unha boa percepción da implantación do programa formativo, a coordinación docente e a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Porén, se analizamos polo miúdo a satisfacción dos alumnos cos procesos de organización e desenvolvemento observamos valores próximos a 3 nos seguintes ítems, distribución de materias no plan de estudos, coordinación entre materia e orientación recibida a través do PAT, que consideramos deben ser observados por si a súa evolución reflicte a necesidade de adoptar medidas. Contrasta a forte baixada en relación cos datos do curso anterior

Outro aspecto que require atención é a participación en programas de mobilidade internacional, practicamente inexistente. No curso 2023/24 só 6 estudantes participaron nestes programas, o que representa unha taxa de mobilidade do 4,5%, moi por debaixo dos estándares desexables. No caso do profesorado un 13,3% participou en programas de mobilidade neste período. Esta situación contrasta coa forte aposta do centro pola internacionalización, polo que se considera prioritario promover accións estruturadas para incentivar estas experiencias.

En relación coas prácticas externas, o grao en Turismo destaca pola súa conexión co tecido turístico local, a través de convenios con entidades como cadeas hoteleiras internacionais (RIU Hotels) ou destinos turísticos da contorna. As saídas de campo e seminarios conxuntos (Joint Seminars) con universidades alemás como HTW Saarbrücken evidencian unha orientación aplicada e internacional do grao, que contribúe ao desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado.

En resumo, o grao en Turismo presenta unha implantación académica correcta e unha progresiva mellora na percepción do alumnado, mais require intervencións urxentes no ámbito da captación de estudantes e fomento da mobilidade internacional, para reforzar a súa sustentabilidade e visibilidade no sistema universitario galego.

As queixas relacionadas ca organización da docencia foron analizadas e respondidas en tempo e forma

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

O desenvolvemento do plan de estudos do Máster en Xestión Empresarial do Deporte realizouse conforme á memoria verificada, sen rexistro de incidencias relevantes durante o curso académico 2023/2024. Isto permitiu garantir unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado, tal como se deduce dos informes de coordinación e das guías docentes actualizadas.

Durante o curso, o profesorado implicado recibiu a encomenda de revisar e actualizar as guías docentes no mes de xuño, co obxectivo de asegurar a coherencia entre os contidos, os resultados de aprendizaxe e as metodoloxías empregadas. Así mesmo, o coordinador do máster mantivo reunións de seguimento cos docentes ao final de cada cuadrimestre, o que favoreceu a detección temperá de desviacións e a adopción de medidas correctoras.

O nivel de satisfacción do alumnado ca titulación é de 4.27 sobre 5 superando a meta fixada en 3.8. Pola súa banda, o profesorado tamén manifesta un índice de satisfacción moi elevado, de 4,81 e os titulados de 4.3; o conxunto deste datos permítenos afirmar a boa acollida e valoración que ten esta titulación.

A planificación docente estivo aliñada co deseño curricular do título e os datos de satisfacción corroboran a súa idoneidade. O número de estudantes de nova matrícula, 23, cumpre as expectativas, superando a meta fixada para este indicador. Este dato evidencia un alto interese

pola titulación, especialmente tendo en conta a súa orientación profesional e a súa especialización nun sector emerxente. É destacable que moitos estudantes do máster son de fora de Galicia e cada vez é maior a presenza de estudantes non nacionais, o que corrobora o interese que esperta esta titulación e a eficiencia no proceso de captación de alumnado.

A vinculación co tecido empresarial da contorna é outro dos puntos fortes da titulación, favorecida por convenios con entidades deportivas e empresas do sector. Esta colaboración posibilita que a totalidade do alumnado poda realizar prácticas externas, o que contribúe significativamente á empregabilidade e á adquisición de competencias profesionais. A satisfacción das persoas tituladas coas prácticas realizadas mantense en niveis altos.

En canto aos indicadores de satisfacción, tanto o estudiantado como o profesorado manifestan unha percepción positiva da organización e desenvolvemento da docencia, situándose os índices de satisfacción por enriba do 3.5 nunha escala de 5. A valoración dos titulados tamén é favorable, aínda que presenta marxe de mellora.

Porén, detectouse unha participación relativamente baixa nas enquisas de satisfacción, especialmente entre os estudantes, o que pode limitar a representatividade dos resultados.

En definitiva, o Máster en Xestión Empresarial do Deporte presenta un desenvolvemento académico conforme aos estándares de calidade establecidos, con fortalezas notables na planificación docente, demanda do título e inserción profesional do alumnado. Non obstante, identifícanse oportunidades de mellora na participación nas enquisas.

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada, sen incidencias salientables, permitindo unha correcta adquisición das competencias por parte do estudiantado. A planificación docente anual actualizouse en tempo e forma, e os mecanismos de coordinación, tanto entre profesorado como co estudiantado, funcionaron de maneira eficaz.

No curso 2023/24 o máster contou con 28 estudantes de nova matrícula, cifra que confirma a continuidade do interese pola titulación. A pesar de que esta cifra cumpre coas expectativas do centro, cómpre seguir promovendo o título especialmente a nivel internacional e interuniversitario para garantir unha demanda sostible.

Os resultados de satisfacción coa titulación por parte do estudiantado, do profesorado e dos titulados, alcanzan valores elevados superiores ao obxectivo fixado, en concreto 4.38, 4.65 e 4.02, reflectindo unha subida en comparación con cursos anteriores. A consolidación das prácticas externas con entidades do sector turístico e termal é unha fortaleza clara da titulación, e a súa contribución á empregabilidade é destacable.

A duración media dos estudos mide o número medio de anos que tarda un estudante do mestrado en titularse. Trátase dun dato no que levamos anos traballando, intentando rebaixar dita cifra. Neste curso logramos cumprir de novo o obxectivo marcado, baixar de 1,8 a duración do mestrado, sendo de 1,6. A coordinación do mestrado é consciente deste problema, froito da decisión de varios estudantes de deixar o TFM para o curso seguinte, principalmente entre o colectivo que traballa, polo que se segue a traballar na incentivación da realización do TFM no propio curso académico.

Outro aspecto mellorable é o baixo nivel de participación nas enquisas de satisfacción, o cal pode limitar a obtención de datos representativos para a toma de decisións.

Puntos débiles detectados na reflexión	Denominación das accións de mellora
GRAO EN ADE E TURISMO: Baixada dos alumnos de novo ingreso As accións que se levarán a cabo para mellorar algunhas debilidades detectadas carecen de entidade para xerar unha acción de mellora e no devir do curso realizáranse aquelas actuacións que permitan a súa progresiva mellora	GRAO EN ADE E TURISMO Establecer accións de captación específicas de alumnado potencial
<u>Evidencias nas que basea a reflexión:</u> E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, ...) E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade E6: Listaxe de estudantado que solicitou o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e persoas tituladas respecto ao perfil de egreso E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...) E20: Listaxe de centros/entidades para a realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
<u>Indicadores nos que se basea a reflexión:</u> I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso I3: Indicadores de mobilidade do estudantado I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA) I44: Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento	

Criterio 2: Información e Transparencia

Estándar: O Centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión sobre á Información e Transparencia da titulación:

A web do centro está deseñada acordo co estándar establecido pola Universidade de Vigo, e presenta a información de forma organizada e sistemática nos seguintes apartados: Facultade, estudos e docencia, estudantes, internacional, SGIC e actualidade. En aplicación do SGIC requírese a realización dun *check list* da información pública, que permítenos afirmar que a información é completa, actualizada e está dispoñible, ademais a navegación é fluída e amigable.

GRADO EN ADE E TURISMO

O índice de satisfacción do estudantado ca información pública é alto, outorgando os alumnos de turismo un 3.7 ó ítem que valora a facilidade para atopar información e cun 3.4 a utilidade da páxina web. Pola parte do profesorado (datos do curso 22/23) os resultados son máis elevados superando o 4.

Non obstante, considérase que pode ser mellorada a información subministrada sobre os indicadores e resultados das titulacións (taxa de éxito, rendemento, gradación, duración dos estudos, resultados por materias...), creando un espazo propio dentro de apartado de calidade.

MASTER EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

Na web do mestrado aparece información sobre requisitos de acceso, programa formativo, planificación docente, resultados, normativa, prácticas, etc. A web redeseñouse completamente no curso 18-19 e antes de iniciarse cada curso actualízanse os contidos (no mes de xullo quedan aprobados os horarios e publicados, así como a normativa de TFM). Ademais, ao longo do curso úsase o menú blog da web para ir publicando novas de interese e recordando a axenda de cada semana (o que tamén se fai vía redes sociais e plataforma online da Uvigo, Moovi).

A valoración do grao de cumprimento do criterio "Información e transparencia" emitido no último informe para a renovación da acreditación do título no ano 2017 foi favorable, e consideramos que o continuou sendo nos cursos seguintes. Aínda así, engadiuse máis información á páxina web da titulación, buscando aínda unha maior transparencia para todos os grupos de interese desta titulación. Tamén a páxina web da Facultade inclúe o mestrado entre as súas titulacións e un enlace á súa web. No apartado de calidade da web, aparecen os informes de seguimento de todos os títulos ofrecidos no devandito Centro, entre eles este mestrado.

O grao de satisfacción coa información e transparencia é moi alto, tanto do profesorado 4.77 como do alumnado, valorando as preguntas relacionadas ca información pública cun 3.67 e 4.

MASTER EN DIRECCION E PLANIFICACION DO TURISMO:

Na web do mestrado atópase dispoñible información detallada e actualizada sobre os requisitos de acceso, programa formativo, planificación docente, normativa, prácticas, resultados académicos, entre outros aspectos relevantes. Esta web, redeseñada no curso 2018-2019, actualízase cada ano antes do inicio do curso académico, concretamente no mes de xullo, cando se publican os horarios e a normativa do TFM.

Durante o curso 2023-2024, reforzouse a comunicación multicanle co alumnado mediante a publicación de novas e recordatorios semanais a través das redes sociais (Facebook e Instagram) e da plataforma Moovi da Universidade de Vigo. Esta estratexia permite manter informados tanto aos estudantes actuais, como aos egresados/as.

A valoración do grao de cumprimento do criterio de “Información e transparencia” emitida no último informe de acreditación (2017) foi favorable, e esta tendencia mantívose nos cursos seguintes. Ademais, engadiuse máis información á web da titulación, reforzando a transparencia e a accesibilidade para todos os grupos de interese.

A web da Facultade tamén inclúe o mestrado entre as súas titulacións, con ligazón directa á súa páxina específica. No apartado de calidade da web, están dispoñibles os informes de seguimento de todas as titulacións do centro, incluído este mestrado.

O grao de satisfacción coa información e transparencia segue a ser moi alto, tanto por parte do alumnado (3.90 e 4.30) como do profesorado (4.78), segundo os datos recollidos nas enquisas de satisfacción.

Puntos débiles detectados na reflexión:

EN TODAS AS TITULACIÓNS

- A información sobre resultados e indicadores non é completa

Denominación das accións de mellora

EN TODAS AS TITULACIÓNS

- Incluir na web un apartado onde se recollan os datos das titulacións

Evidencias nas que basea a reflexión:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título

- R1 DO-0301: Lista de chequeo ou verificación da Información Pública
- QSP relacionadas coa información e transparencia

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I26: Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: O centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade formal-mente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.	
Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.	
Reflexión sobre o Sistema de garantía de calidade da titulación: O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da FCETOU foi acreditado o 23/12/2022. O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Universidade de Vigo inclúe procesos e procedementos que permiten a sistematización das actividades de análise e mellora asociados á avaliación e mellora da calidade do ensino e da estrutura organizativa das distintas titulacións do Centro. O Centro obtén información para avaliar e mellorar a calidade do ensino e da estrutura organizativa dos títulos mediante a aplicación das orientacións no proceso de xestión da calidade e mellora continua (MC), así como as informacións obtidas en relación á xestión de queixas e suxestións (QSP) e as enquisas de satisfacción dos usuarios. O sitio web da Facultade incorpora enlaces á QSP, tanto na páxina principal, como na pestana dedicada a "estudantes". Detéctase unha escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción o que dificulta a valoración das accións postas en marcha de cara a mellorar a calidade da docencia. Co fin de emendar esta situación proporase aos coordinadores de materia no caso dos graos, e de título nos mestrados que reserven un espazo de tempo das súas clases para que os alumnos asistentes cubran a enquisa. Detectáronse retrasos na actualización da información relativa ó sistema, que consideramos deben ser emendados mediante a sistematización de procesos de mantemento e actualización e unha xestión eficiente do responsable do sistema. Polo tanto, tendo en conta o anterior, considérase que os procedementos de recollida de información de forma continua que permiten a análise e a obtención de resultados para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido. O grao de satisfacción do alumnado co Sistema Interno de Garantía da Calidade (SIGC) é dispar nas diferentes titulacións, sendo alto no Máster de Deporte e moi alto, case preto de 5 no Máster de Turismo, mentres que no Grao de turismo, queda cerca do 2.5 (non hai datos da enquisa de satisfacción para o Grao en ADE) o que nos leva a pensar que no caso de Turismo non hai unha clara transmisión da finalidade e utilidade do mesmo, que se emendará mellorando a información que se lles dá aos estudantes.	
Puntos débiles detectados na reflexión: TODAS AS TITULACIÓNS - Baixa participación dos estudantes nas enquisas de satisfacción - Outras accións que se levarán a cabo para mellorar algunhas debilidades detectadas	Denominación das Accións de mellora TODAS AS TITULACIÓNS Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción reservando un espazo de tempo durante a docencia presencial para que os estudantes cubran a enquisa.

carecen de entidade para xerar unha acción de mellora e no devir do curso realizáranse aquelas actuacións que permitan a súa progresiva mellora	
---	--

Evidencias nas que basea a reflexión:

E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade
E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC
E12: Plans de mellora
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
E14: Informe de certificación da implantación do SGC

- QSP relacionadas co Sistema de garantía de calidade

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I4: Resultados dos indicadores do SGC
I41: % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC
I42: % Accións de Mellora finalizadas en prazo

Criterio 4: Recursos Humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión sobre os Recursos Humanos da titulación:

GRAO EN ADE E TURISMO

Consideramos adecuado analizar conxuntamente ambos graos por dúas razóns, a primeira é a falta de datos para ADE nas enquisas de satisfacción e a segunda é que os recursos humanos son compartidos por ámbalas dúas titulacións.

A avaliación dos graos desde a perspectiva dos recursos humanos —tanto do persoal docente como do PTXAS— permite apreciar un funcionamento sólido, cunha base profesional ben asentada e un nivel de compromiso notable co desenvolvemento e a calidade da titulación.

Nas seguintes táboas amosase a composición do claustro académico e a porcentaxe de créditos impartidos polas diferentes categorías

DENOMINACIÓN DO TÍTULO: Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Curso académico	2023-24	2022-23	2021-22
Nº total de profesorado que ten participado na docencia do título	62	62	59
Nº de Catedráticos/as de Universidade (CU)	3	1	2
Nº de créditos impartidos por CU	4,58%	1,15%	1,65%
Nº de Titulares de Universidade (TU)	19	19	16
Nº de créditos impartidos por TU	36,95%	39,83%	30,95%
Nº de Titulares de Escola Universitaria (TEU)	2	3	4
Nº de créditos impartidos por TEU	6,22%	8,27%	11,74%
Nº de Profesorado Contratado Doutor/a (PCD)	10	15	17
Nº de créditos impartidos por PCD	22,55%	28,04%	35,23%
Nº de Profesorado Axudante Doutor/a (PAD)	1	1	0
Nº de créditos impartidos por PAD	0,76%	0,35%	0
Nº de Profesorado Colaborador/a (PC) (PI)	9	4	4
Nº de créditos impartidos por PC	7,94%	5,03%	7,09%
Nº de Profesorado Asociado (PA)	14	12	10
Nº de créditos impartidos por PA	17,66%	12,55%	9,84%
Nº de Profesorado Axudante (PRE/POSTDOUTORAL)	1	3	2
Nº de créditos impartidos por Profesorado Axudante	1,53%	2,47%	1,08%
Nº de profesorado de outras figuras	3	4	4
Nº de créditos impartidos por outras figuras	1,81%	2,32%	2,42%
Porcentaxe de doutores/as	56,45%	64,52%	71,19%
Nº total de sexenios	39	36	40
Nº total de quinquenios	148	157	166

E reseñable o incremento de profesores que acadan a categoría de catedrático, así como o incremento dos sexenios. A diminución no número de doutores débese fundamentalmente a xubilacións pendentes de saír a concurso por taxa de reposición que se cubriron con persoal temporal. A previsión para o curso 2025-2026 é de incorporar alomenos a 4 Axudantes Doutores á FCETOU.

DENOMINACIÓN DO TÍTULO: Grao en Turismo			
Curso académico	2023-24	2022-23	2021-22
Nº total de profesorado que ten participado na docencia do título	45	50	52
Nº de Catedráticos/as de Universidade (CU)	1	1	2
Nº de créditos impartidos por CU	2,74%	2,42%	2,54%
Nº de Titulares de Universidade (TU)	14	12	10
Nº de créditos impartidos por TU	40,64%	33,88%	27,99%
Nº de Titulares de Escola Universitaria (TEU)	1	1	1
Nº de créditos impartidos por TEU	1,83%	1,81%	1,56%
Nº de Profesorado Contratado Doutor /a (PCD)	8	13	14
Nº de créditos impartidos por PCD	18,52%	27,91%	32,81%
Nº de Profesorado Axudante Doutor/a (PAD)	1	3	2
Nº de créditos impartidos por PAD	1,83%	6,74%	3,84%
Nº de Profesorado Colaborador/a (PC) (PI)	2	4	2
Nº de créditos impartidos por PC	2,24%	2,66%	2,39%
Nº de Profesorado PERMANENTE LABORAL (PPL)	1	0	0
Nº de créditos impartidos por PPL	4,27%	0	0
Nº de Profesorado Asociado (PA)	14	11	13
Nº de créditos impartidos por PA	25,37%	20,35%	24,57%
Nº de Profesorado Axudante (PRE/POSTDOUTORAL)	0	2	1
Nº de créditos impartidos por Profesorado Axudante	0	0,81%	0,25%
Nº de profesorado de outras figuras	3	3	7
Nº de créditos impartidos por outras figuras	2,56%	3,40%	4,05%
Porcentaxe de doutores/as	64,44%	66,00%	67,31%
Nº total de sexenios	32	34	36
Nº total de quinquenios	95	112	111

Dos datos da táboa podemos derivar que estamos ante un profesorado consolidado cunha sólida formación.

O profesorado dos graos amosa unha participación destacable nas actividades de formación, cun total de 21 docentes de ADE e 20 en Turismo que tomaron parte en plans específicos orientados á mellora da docencia no título. Isto reflicte unha cultura institucional orientada á actualización constante e á mellora da calidade educativa.

Ademais, aproximadamente un 34% do profesorado de ADE e o 44% do de Turismo participou en plans de formación continua e un 18% (ADE) e un 20% (Turismo) tomou parte en grupos de innovación docente, cifras que amosan un compromiso coa renovación metodolóxica e co desenvolvemento de prácticas pedagóxicas máis adaptadas ao contexto actual. Estes datos resultan especialmente valiosos para estas titulacións, que requiren dunha orientación práctica e actualizada cara ao mundo empresarial.

No caso de ADE cómpre destacar tamén que 19 docentes foron avaliados a través de programas de calidade docente, o que representa arredor do 31% do persoal docente; no caso do Grao en Turismo esta cifra sitúase nun 27%. Isto permite reforzar a calidade e transparencia na docencia, promovendo unha mellora continua baseada en evidencias.

A valoración que fan os alumnos da actividades docente é moi alta, e concreto sitúase nun 4.63 en ADE e nun 4.33 en Turismo, o que nos permite afirmar que o alumnado valora positivamente a labor docente do profesorado.

As respostas do alumnado ás enquisas de satisfacción no grao en Turismo suxiren que existen boas bases organizativas, aínda que se identifican áreas mellorables. No bloque de organización e desenvolvemento do título, as valoracións oscilan entre o 2,2 e o 2,8 sobre 5 en aspectos como a coordinación entre materias, a distribución horaria ou a programación de exames. Estas puntuacións apuntan máis a necesidades de mellora na coordinación interna que á insuficiencia do persoal, e constitúen oportunidades para afinar procesos e reforzar a experiencia educativa.

O PTXAS xoga un papel fundamental no correcto funcionamento da titulación. A súa intervención nas tarefas de xestión académica, coordinación de prácticas externas, apoio ao estudantado e organización interna permite un desenvolvemento fluído das actividades dos graos.

En conxunto, os datos dispoñibles permiten afirmar que o grao en ADE conta cun persoal docente e de administración suficiente e adecuadamente cualificado para garantir o correcto desenvolvemento da titulación. A implicación activa do profesorado na formación, na innovación docente e na avaliación da súa actividade, xunto co soporte funcional ofrecido polo PAS, conforman unha estrutura sólida.

Como proposta de mellora, sería aconsellable reforzar a coordinación entre materias e optimizar a planificación de horarios e prácticas externas. Pequenos axustes organizativos neste sentido poden traducirse nunha mellora significativa na percepción do alumnado e na eficiencia xeral da titulación.

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

Móstrase na seguinte táboa a composición do claustro de profesorado na que se pode ver que se conta cun claustro ca formación adecuada para impartir a titulación.

O número de docentes participantes en plans de formación específicos do título (9) amosa un compromiso claro coa actualización profesional. Así mesmo, máis do 69% do profesorado participou nalgunha actividade formativa, un dato que evidencia unha actitude proactiva cara á mellora continua da docencia.

DENOMINACIÓN DEL TÍTULO: Máster Universitario en xestión empresarial do deporte			
Curso académico	2023-24	2022-23	2021-22
Nº total de profesorado que ten participado na docencia do título	38	40	44
Nº de Catedráticos/as de Universidade (CU)	3	2	2
Nº de créditos impartidos por CU	0,53%	4,75%	4,69%
Nº de Titulares de Universidade (TU)	8	10	8
Nº de créditos impartidos por TU	39,05%	40,19%	23,75%
Nº de Profesorado Contratado Doutor /a (PCD)	6	6	8
Nº de créditos impartidos por PCD	10,32%	11,87%	29,53%
Porcentaxe de doutores/as	42,11%	45,00%	40,91%
Nº total de sexenios	26	28	25
Nº total de quinquenios	69	73	73

A implicación en iniciativas de innovación docente tamén é destacable, cun 46% do profesorado involucrado en grupos de mellora metodolóxica. Este nivel de participación é especialmente relevante nun máster cun enfoque práctico e multidisciplinar como este, que esixe unha adaptación constante ás necesidades do sector deportivo.

A avaliación da docencia tamén está consolidada: 7 docentes foron avaliados recentemente, e máis do 53% do cadro participa no programa institucional de avaliación da actividade docente, reforzando a transparencia e a calidade académica.

A experiencia do alumnado, recollida na enquisa institucional, reflicte un alto nivel de satisfacción coa organización e desenvolvemento da titulación. As valoracións dos bloques analizados así o confirman: aspectos como a coordinación entre materias (3,67), a orde do plan de estudos (4,5), os horarios (5) e o calendario de exames (5) son puntuados moi positivamente.

A utilidade das prácticas acada tamén unha boa valoración (3,67), o que suxire unha xestión adecuada e unha supervisión eficaz por parte do equipo de coordinación.

Estes resultados indican que o PTXAS contribúe activamente a garantir o bo funcionamento da titulación, resolvendo xestións con axilidade e facilitando a experiencia académica do alumnado.

Os datos analizados permiten concluír que o Máster en Xestión Empresarial do Deporte conta cun cadro de persoal docente e de administración suficiente, cualificado e plenamente adecuado ás características e esixencias da titulación. A participación en procesos formativos, de innovación e de avaliación docente, así como as valoracións positivas do alumnado, amosan unha realidade organizativa sólida e un ambiente formativo estimulante.

Como proposta de mellora continua, recoméndase manter esta liña de traballo e fomentar aínda máis a coordinación transversal entre materias e prácticas, coa finalidade de seguir fortalecendo a integración entre teoría e aplicación práctica.

As queixas presentadas foron contestadas en tempo e forma

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

O mestrado conta cun cadro docente equilibrado e de calidade, no que destaca a participación de profesionais externos con ampla experiencia no sector turístico, que achegan unha visión práctica e actualizada ao programa formativo. No curso 2023-2024, o número de docentes doutores é maioritario, tal como se mostra na táboa que se achega a continuación:

DENOMINACIÓN DEL TÍTULO: Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde			
Curso académico	2023-24	2022-23	2021-22
Nº total de profesorado que ten participado na docencia do título	21	26	30
Nº de Catedráticos/as de Universidade (CU)	1	0	0
Nº de créditos impartidos por CU	9,26%	0	0
Nº de Titulares de Universidade (TU)	4	5	6
Nº de créditos impartidos por TU	50,84%	32,51%	33,21%
Nº de Profesorado Contratado Doutor/a (PCD)	4	5	7
Nº de créditos impartidos por PCD	24,42%	34,27%	38,42%
Nº de Profesorado Colaborador/a (PC) (PI)	0	1	0
Nº de créditos impartidos por PC	0	12,44%	0
Nº de profesorado de outras figuras (visitante, emérito/a, etc.) (INVITADO) (EXTERNO)	1/11	1/14	0/18
Nº de créditos impartidos por outras figuras	0,53%/ 14,95%	0,59%/ 20,19%	0/ 28,37%
Porcentaxe de doutores/as	42,86%	42,31%	40,00%
Nº total de sexenios	12	12	13
Nº total de quinquenios	39	46	48

Na Universidade de Vigo, a responsabilidade da docencia recae nos Departamentos, mentres que o Centro actúa como reclamante de recursos, polo que non existe un procedemento formal interno para revisar a adecuación do profesorado, máis aló das avaliacións recollidas nas enquisas docentes.

A dotación de persoal de administración e servizos (PAS) é a propia do centro e considérase axeitada para o correcto funcionamento do mestrado. A súa contratación segue os procedementos establecidos pola Universidade de Vigo, sen intervención directa da FCETOU.

O informe definitivo da ACSUG para a renovación da acreditación do título (xullo de 2017) mantén unha valoración positiva (nivel B – se alcanza) para este criterio, valoración que se considera vixente á vista da evolución e estabilidade do equipo docente.

Na táboa que se mostra a continuación recóllense os datos do PDI avaliado polo programa Docencia Quinquenal 2014-2019 para cada unha das titulacións do centro.

I7-3 Resultados do PDI avaliado PE-02 Xestión de PDI									
Titulación		Excelente Nº %		Notable Nº %		Favorable Nº %		Desfavorable Nº %	
O04G020V 01	Grao en ADE	9	16,1 %	10	17,9 %	0	0,0%	0	0,0%
O04G240V 01	Grao en Turismo	8	15,7 %	4	7,8%	0	0,0%	0	0,0%
O04G741V 01	PCEO Turismo/Historia	9	12,7 %	4	5,6%	0	0,0%	0	0,0%
O04M181V 01	M. Univ. en Xestión Empresarial do Deporte	6	14,3 %	6	14,3 %	0	0,0%	0	0,0%
O04M097V 01	M. Univ. en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	5	19,2 %	3	11,5 %	0	0,0%	0	0,0%
Puntos débiles detectados na reflexión: - Non se detectan .. Denominación das Accións de mellora (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC): 									
<u>Evidencias nas que basea a reflexión:</u> E15: POD: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.). CV profesionais externos E16: Información sobre o persoal de apoio do Centro (número e posto desempeñado etc.) E17: Documento onde se recolla a análise das EAD (% de participación, resultados e a súa evolución...) QSP relacionadas cos Recursos Humanos da titulación									
<u>Indicadores nos que se basea a reflexión:</u> I5: Indicadores de formación do profesorado I6: % de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación I7: % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos I8: Indicadores de mobilidade I13: Planificación docente anual: PDA (R1 DO-0201 PDA) I39: Índice de satisfacción cos Recursos Humanos I43: Resultados EAD									

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos ao dispor do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e resultados de aprendizaxe a adquirir polos mesmos.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos ao dispor do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión sobre os Recursos Materiais e Servizos da titulación:

GRAO EN ADE

A dispoñibilidade e calidade dos recursos materiais e servizos constitúe un dos piares fundamentais para garantir unha experiencia formativa completa e satisfactoria. No caso do grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE), os datos institucionais amosan que a titulación conta cun nivel adecuado de medios físicos, tecnolóxicos e de apoio ao alumnado, que favorecen o desenvolvemento académico dos estudantes

Segundo os datos recollidos no cadro de mando, o grao amosa valores de satisfacción superiores a 3,5 puntos (sobre 5) por parte do alumnado, do profesorado e das persoas egresadas, respecto aos recursos materiais e infraestruturas. Estes resultados reflicten unha valoración globalmente positiva do equipamento das aulas, bibliotecas, espazos de estudo, medios tecnolóxicos e plataformas virtuais dispoñibles para o desenvolvemento da docencia.

O feito de que todos os colectivos acadaran ou superaran as metas marcadas para este indicador confirma que os recursos materiais están non só dispoñibles, senón tamén ben valorados polas persoas usuarias. Estes medios constitúen un soporte fundamental para un grao cunha importante carga práctica e que demanda espazos versátiles e ben dotados para o seu funcionamento diario.

É de destacar a valoración que fan os estudantes ca orientación académica recibida e os titulados ca orientación profesional, ambas valoradas por debaixo da meta fixada en 3. Cómpre facer unha análise desta situación co fin de buscar mecanismos que permitan mellorar estes indicadores. Consideramos que unha ferramenta fundamental para conseguir esta mellora é a través do PAT, que supón un recurso de grande valor para a orientación e o acompañamento do alumnado durante o seu proceso formativo. A implantación do PAT no grao en ADE contribúe a establecer canles de comunicación directas entre os estudantes e o profesorado, facilitando a resolución de dúbidas, a planificación do itinerario académico e a integración na vida universitaria. A consolidación deste plan e a súa evolución positiva nos últimos cursos reflicte o compromiso da titulación coa atención individualizada.

En canto ás prácticas externas, as valoracións do alumnado indican que son consideradas útiles e pertinentes para a súa formación. Isto pon de manifesto o bo funcionamento do sistema de prácticas, tanto na xestión como na selección de entidades colaboradoras, así como o seguimento e avaliación por parte do profesorado responsable. As prácticas constitúen un recurso clave nun grao como ADE, permitindo o contacto directo co entorno profesional e a aplicación dos coñecementos adquiridos. Se ben consideramos que as prácticas como acción formativa son importantes para o alumnado, observamos que o número de alumnos que as realizan non é moi alto, 28 no curso 23/24, polo que dende a equipa decanal estimamos necesario darlle un pulo ás mesmas deseñando accións de promoción entre o alumnado e o tecido empresarial da contorna.

Como conclusión sinalar que o grao en ADE conta con recursos materiais e servizos ben valorados polos diferentes colectivos implicados, o que permite afirmar que a titulación dispón dos medios necesarios para garantir unha formación de calidade. A dispoñibilidade de infraestruturas, medios

tecnolóxicos, servizos de apoio, orientación tutorial e prácticas externas constitúe un soporte eficaz que reforza a actividade docente e a experiencia do alumnado.

Como liña de mellora continua, recoméndase seguir atendendo ás percepcións dos estudantes, especialmente na personalización dos servizos e na coordinación do PAT e das prácticas, para consolidar un entorno formativo aínda máis integrador, adaptado e conectado coa realidade profesional.

GRAO EN TURISMO

Os recursos materiais e os servizos de apoio académico son elementos chave para o bo desenvolvemento da titulación, caracterizada pola súa natureza aplicada, interdisciplinar e estreitamente vencellada ao contorno profesional. A análise dos indicadores do cadro de mando e da enquisa institucional ao alumnado permite concluír que a titulación conta cunha base sólida e funcional neste ámbito.

Segundo os indicadores recollidos no cadro de mando, os diferentes grupos de interese (estudantes, profesorado, persoas tituladas e persoal de apoio) amosan niveis de satisfacción favorables en relación cos recursos materiais e infraestruturas. As puntuacións obtidas están todas por enriba dos 3 puntos sobre 5, situándose algunhas delas preto do 4, o que evidencia unha percepción positiva xeneralizada.

Estes resultados poñen de manifesto a existencia de espazos ben acondicionados, aulas dotadas tecnolóxicamente, acceso a bibliografía e recursos dixitais actualizados, así como o bo funcionamento das plataformas docentes en liña. Para unha titulación como Turismo, que require tanto unha base teórica como habilidades prácticas, estes medios resultan esenciais para o logro dos obxectivos formativos.

Destaca o papel do Plan de Acción Tutorial (PAT), que permite reforzar a relación entre o alumnado e o profesorado mediante un seguimento máis personalizado. Este plan facilita a adaptación á vida universitaria, orienta na toma de decisións académicas e profesionais e contribúe ao benestar estudantil, especialmente en contextos tan diversos e multidimensionais como os do sector turístico. A valoración que fan os estudantes da orientación académica e os titulados da orientación profesional e claramente baixa sen chegar as metas establecidas, polo que faise necesaria a revisión das accións a levar a cabo. En concreto, destaca a baixa valoración outorgada ó ítem relacionado ca orientación laboral e profesional dos titulados, que só obtén un 1.6 estando a meta fixada en 3. En calquera caso, destacar que aínda que a enquisa de satisfacción mudou, e polo tanto non é estritamente comparable, no curso anterior os ítems vinculados á orientación tiñan resultados próximos a 4.

En relación ás prácticas externas, cómpre salientar que o grao en Turismo mantén unha oferta ampla e diversificada, en contacto directo co sector profesional. A xestión eficiente das prácticas e o acompañamento por parte do profesorado e do PAS aseguran que os alumnos poidan completar a súa formación aplicando os coñecementos adquiridos nun contexto real, fortalecendo así, a súa empregabilidade futura. O alumnado outorga unha valoración de 3.67 ao ítem valoración das prácticas.

Polo tanto podemos concluír que o grao en Turismo conta con recursos materiais axeitados e servizos de apoio ben valorados, que permiten ofrecer unha formación de calidade e adaptada á realidade do sector. O nivel de satisfacción recollido nos indicadores institucionais, tanto do punto de vista técnico como humano, confirma que a titulación funciona sobre unha estrutura sólida.

Como proposta de mellora continua, recoméndase manter o investimento nos medios tecnolóxicos e consolidar o acompañamento académico mediante o PAT e a orientación profesional vinculada ás prácticas externas, co obxectivo de seguir reforzando a conexión entre a universidade e o contorno laboral.

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

As enquisas de satisfacción que proporcionan información sobre a valoración dos recursos materiais revelan un nivel moi satisfactorio por parte do alumnado, profesorado e titulados. Isto confirma que as infraestruturas dispoñibles responden ben ás necesidades da titulación, tanto no que respecta a espazos físicos (aulas, salas de informática, zonas de traballo) como aos medios tecnolóxicos e didácticos empregados.

Nun máster tan vinculado á práctica profesional e ao contacto directo con entidades deportivas, contar con medios adecuados é clave para garantir unha aprendizaxe efectiva e unha experiencia académica coherente coas esixencias do sector. Neste senso a titulación conta con suficientes entidades colaboradoras para asegurar ao seu alumnado a realización das prácticas curriculares. Neste ámbito destacar a boa valoración que os titulados fan das prácticas, 4.33 sobre 5. As prácticas permiten aplicar os coñecementos nun contexto real, en entidades deportivas e empresas do sector, o que supón unha das fortalezas principais do programa, a vez que favorece a empregabilidade futura do alumnado.

O Plan de Acción Titorial (PAT) que recae na figura do coordinador do máster, tamén contribúe a este resultado, proporcionando orientación individualizada ao alumnado ao longo do curso. A súa implantación permite resolver dúbidas, acompañar en procesos de adaptación e reforzar a relación entre estudantes e profesorado. A orientación a nivel académico e laboral é recoñecida polo alumnado dándolle unha valoración de 4.33 e 4.90 respectivamente.

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

No curso 2023-2024 non se dispoñen de novos sobre satisfacción, os últimos resultados dispoñibles son do curso 2021-2022.

Os recursos dispoñibles no Centro son suficientes e adecuados para o ensino da titulación, e os responsables da titulación consideran que os servizos ofrecidos son axeitados para guiar e orientar os estudantes nestes asuntos.

As dotacións de recursos e servizos materiais están suxeitas a un proceso de revisión continua, tanto para o seu mantemento como para a adquisición de novos recursos ou a prestación de novos servizos. Deste xeito, asegúrase ao alumnado uns niveis de calidade axeitados na docencia, mentres que o persoal que traballa no centro pode realizar as súas actividades docentes e administrativas de forma eficiente.

A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo non ten a súa propia biblioteca. En cambio, dispónse dunha Biblioteca Central para todos os Centros do Campus de Ourense. A Biblioteca Central do Campus de Ourense está situada fronte á Facultade (a poucos metros de distancia e nun espazo público axardinado onde non hai espazo para a circulación de vehículos). O edificio ten unha sala de lectura, de libre acceso, aberta de 9:00 a.m. a 9:00 p.m. Os fondos bibliográficos, os recursos documentais, etc., son suficientes e actualizados.

O primeiro día do Curso ten lugar unha sesión de acollida para todo o novo alumnado na que se lles fala sobre o programa do mestrado, as guías didácticas, os horarios, as datas de exames, as normativas do Centro, servizos dispoñibles, PAT, caixa de correos QSP, biblioteca, etc. En

calquera caso, o estudante ten á súa disposición no sitio web da Facultade unha serie de "Guías para estudantes", que forman parte do programa de recepción e orientación aos estudantes. Do mesmo xeito, celébrase un acto de acollida no que cada profesor responsable de cada materia (o coordinador de cada materia) informa sobre as diferentes materias que van estudar (contidos, metodoloxía docente, sistema de avaliación, etc.), así como outras cuestións organizativas.

Os servizos de estudantes están coordinados desde a Secretaría de Estudos do Centro. O alumnado ten acceso fácil á documentación, certificacións académicas, etc. Ademais, a Universidade de Vigo conta cunha Secretaría Virtual a través da cal os estudantes poden realizar numerosos procedementos en liña, ademais de ter acceso directo a aplicacións e servizos ofrecidos aos membros da comunidade universitaria.

O mestrado oferta tres modalidades: presencial, semipresencial e non presencial. O alumnado da modalidade semipresencial coincide co resto do alumnado os dous días que asisten á clase á semana. A modalidade non presencial segue completamente o mestrado a través da plataforma online da Uvigo (Moovi). Todos os temas foron gravados polos docentes do mestrado, usando o mesmo material que nas clases presenciais engadindo explicacións aos mesmos; e están dispoñibles para esta modalidade na plataforma online. Ao mesmo tempo os estudantes desta modalidade poden facer uso de foros de dúbidas, grupos de mensaxería ou concertar tutorías cos coordinadores de materia do mestrado vía videochamada (dende o curso 20-21 faise uso do Campus Remoto da Uvigo).

O nivel de satisfacción cos recursos materiais e servizos (infraestruturas e os materiais dispoñibles; os servizos; os recursos tecnolóxicos como son a secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi, etc.; e as xestións académicas) é moi alto, tanto dos estudantes como das persoas tituladas.

No centro o alumnado ten acceso a rede WIFI e na aula que se imparte o mestrado o profesorado pode facer uso de ordenador, canón e pizarra dixital.

Puntos débiles detectados na reflexión:

GRAO EN ADE E TURISMO

- Baixa valoración da orientación académica e profesional

Denominación das Accións de mellora:

GRAO EN ADE E TURISMO

- Mellorar a través do PAT a orientación académica e profesional dada ao alumnado e a os titulados

Evidencias nas que basea a reflexión:

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)

E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou PAT

E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)

- QSP relacionadas cos Recursos Materiais e Servizos da titulación

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas (R1 DO-0204)

I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)

I23: Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos

I24: Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro

I25: % Alumnado en prácticas académicas

I36: Nº Estudiantado titorizado

I37: Grao de Satisfacción do estudiantado co PAT

I38: Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polas persoas tituladas son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polo estudiantado e se son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES do título.

Reflexión sobre os Resultados de Aprendizaxe:

GRAO EN ADE

A avaliación dos resultados de aprendizaxe no Grao en ADE constitúe un elemento clave para garantir a calidade formativa do título e mellorar a experiencia educativa do alumnado. A análise dos informes de satisfacción e das taxas de éxito recollidas no indicador I10 permite realizar unha valoración equilibrada e construtiva, que nos deixa afirmar que os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes cos obxectivos do título. De feito o índice de satisfacción de titulados e empregadores ca titulación e de 3 puntos sobre 5.

Cómpre salientar que non se dispoñen de datos cuantitativos sobre a satisfacción do alumnado respecto aos resultados de aprendizaxe para o curso 2022- 2023. Esta ausencia de información está provocada pola escasa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción o que supón unha limitación para facer un seguimento comparativo interanual, e resalta a necesidade de manter actualizados os sistemas de avaliación e recollida de opinións, a fin de sustentar a mellora continua baseada en evidencias.

No curso 2022-2023, os resultados mostran unha valoración positiva por parte do alumnado, outorgando valoracións entorn a 3,5 nos ítems que miden a satisfacción relacionada ca adquisición de coñecementos e habilidades.

A análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación do curso 2023-2024 presentan resultados positivos e superiores aos obxectivos fixados. A maioría das materias presentan taxas de éxito superiores ao 80%, se ben se detectan valores inferiores para algunhas de formación básica o cal non valoramos negativamente por considerar que son materias onde os contidos son mais descoñecidos e complexos polo que requiren un maior esforzo por parte do alumnado. No obstante, son obxecto de vixilancia na súa evolución por se se detecta unha desviación significativa. Consideramos relevante destacar a taxa de avaliación do TFG que aínda que este ano decrece con respecto a do ano pasado, pasa dun 57% a un 41%, mantén unha senda de estabilidade.

En conclusión o Grao en ADE amosa un balance xeral favorable no que atinxe aos resultados de aprendizaxe, tanto pola satisfacción expresada polo alumnado no curso 2022-2023 como polas elevadas taxas de éxito en numerosas materias durante o curso 2023-2024.

GRAO EN TURISMO

A análise dos informes de satisfacción do alumnado e das taxas de éxito recollidas no indicador I10 permítenos a afirmar que os resultados de aprendizaxe acadados polos titulados son, en liñas xerais, coherentes cos obxectivos do título.

No curso 2022-2023, os resultados das enquisas amosan unha valoración positiva por parte do alumnado, cunha puntuación media próxima a 4 sobre 5 nos ítems relacionados coa adquisición de coñecementos e habilidades. Estes datos indican que a percepción xeral da formación é satisfactoria, especialmente en relación co desenvolvemento das competencias previstas no plan de estudos. No en tanto, no curso 2023-2024 a valoración diminúe lixeiramente situándose en valores próximos ao 3.5 considerando esta baixada como algo puntual.

As taxas de éxito e rendemento analizadas para o curso 2023-2024 presentan, en termos xerais, resultados positivos e superiores aos obxectivos establecidos. Un número moi elevado de materias supera o 80% de éxito, o que reflicte un bo grao de axuste entre o ensino impartido, as metodoloxías docentes e a capacidade do alumnado para superar as esixencias da titulación.

Cómpre sinalar, que esta taxa baixa, sen descender do 60%, en materias máis vinculadas ao ámbito económico e matemático, que presentan maior complexidade ou menor familiaridade inicial por parte do alumnado, e que adoitan esixir un maior esforzo e adaptación. Son, en todo caso, materias que deben ser obxecto de seguimento específico por parte da coordinación docente, co fin de identificar posibles desviacións.

As características propias do Traballo de Fin de Grao fai que sexa obxecto de observación anual, presentando taxa de éxito do 100%, e unha taxa de avaliación do 37%, o que supón unha diminución respecto ao ano anterior. O retraso na presentación do TFG supón un punto débil que ten que ser analizado.

O Grao en Turismo amosa un balance xeral moi positivo no relativo aos resultados de aprendizaxe. A satisfacción expresada polo alumnado e as elevadas taxas de éxito acadadas no curso 2023-2024 son indicios consistentes dunha titulación ben estruturada e coherente cos seus obxectivos formativos.

As materias que presentan taxas de rendemento máis baixas deben ser consideradas como áreas de atención específica, pero sen desvirtuar o resultado global, que evidencia unha formación sólida, comprometida coa calidade e cun alto grao de adecuación ás competencias profesionais que se pretenden desenvolver.

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

A avaliación dos resultados de aprendizaxe no Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte permite valorar a calidade formativa da titulación e orientar a mellora continua do programa. A través da análise dos informes de satisfacción e das taxas de éxito incluídas no indicador I10, pódese realizar unha valoración positiva, detectando ao mesmo tempo aspectos susceptibles de seguimento e perfeccionamento.

No curso 2022-2023, o nivel de satisfacción do alumnado foi moi positiva, cunha valoración media ao redor de 4.7 puntos sobre 5 nos ítems vinculados á adquisición de coñecementos e habilidades, que se mantén algo máis baixa no curso seguinte. Isto indica que o alumnado considera que o mestrado cumpre cos obxectivos formativos previstos.

Os datos do indicador I10 relativos ao curso 2023-2024 reflicten un rendemento académico excelente na maioría das materias. Todas as materias presentan taxas de éxito do 100% e rendementos superiores ao 80%, o que evidencia un alto grao de compromiso por parte do alumnado e unha planificación docente eficaz.

Así mesmo, a taxa de avaliación tamén mantén valores altos, o que demostra que a práctica totalidade do alumnado presenta e supera as materias cursadas. A combinación destes indicadores confirma que a estrutura académica do máster favorece o logro dos resultados de aprendizaxe establecidos no plan de estudos.

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

A Taxa de Éxito no curso 2023-2024 foi do 93,24%, mantendo así un nivel moi elevado e superando amplamente o obxectivo mínimo establecido do 80%. Esta cifra confirma a consolidación dos bos resultados acadados nos últimos cursos (93,06% en 21-22 e 90,39% en 22-23).

En relación coa materia de prácticas, o mestrado continúa recollendo a opinión do alumnado mediante un formulario ao remate da súa realización. As valoracións mantéñense entre 4 e 5 puntos nunha escala de 5, o que reflicte unha alta satisfacción. As empresas colaboradoras tamén valoran as prácticas con puntuacións similares, o que reforza a percepción positiva da formación práctica.

Aínda que non se dispoñen de datos oficiais sobre o tempo medio para atopar emprego, a coordinación do mestrado realiza un seguimento propio da taxa de inserción laboral, que se mantén elevada, arredor do 80% nas últimas promocións. Cómpre destacar que parte do alumnado xa traballa no sector turístico e valida a materia de prácticas por experiencia profesional.

No que respecta ás valoracións das persoas tituladas, os aspectos relacionados coa organización, transparencia, calidade e recursos reciben puntuacións superiores a 4. O indicador máis baixo segue a ser o de resultados de aprendizaxe, cunha valoración de 3,6, polo que se considera un aspecto a mellorar.

A área de calidade da Universidade non dispón de datos actualizados de empregadores, pero o mestrado realiza unha enquisa propia ao remate das prácticas, cunha valoración global de 4,5 sobre 5.

Puntos débiles detectados na reflexión:**GRAO EN TURISMO**

- Baixa taxa de avaliación nos TFG

Denominación das Accións de mellora**GRAO EN TURISMO**

- Establecer un procedemento para a elaboración do TFG que estableza fitos para promover a súa elaboración

Evidencias nas que basea a reflexión:

E4: Guías docentes das materias

E8: Resultados das enquisas de satisfacción de empregadores e persoas tituladas sobre o perfil de egreso

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución...)

E20: Listaxe de centros/entidades para a realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares

E24: Listaxe de TFG/TFM dos 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)

E25: Listaxe de cualificacións de cada unha das materias do título

- QSP relacionadas cos Resultados de Aprendizaxe

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I10: Indicadores de resultados

Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título..

Reflexión sobre os Indicadores de Satisfacción e Rendemento da titulación:

GRAO EN ADE

A análise conxunta dos indicadores dispoñibles permite afirmar que o Grao en ADE presenta, en liñas xerais, un bo grao de axuste entre os seus resultados académicos e as características e obxectivos definidos no seu deseño.

A evolución do número de estudantes de novo ingreso 81, fronte aos 88 do curso pasado mostra unha estabilidade sostida, se temos en conta a baixada da natalidade e a concorrència deste título en todas as universidades galegas. Consideramos que se ben esta cifra pon de manifesto que a titulación mantén o seu atractivo, responde a unha demanda constante e segue sendo percibido como relevante e con saída profesional, non podemos deixar de vixiar a evolución deste indicador e cremos necesario comezar a deseñar accións efectivas de captación para asegurar a demanda de prazas.

A relación oferta/demanda non alcanza a meta fixada debido a que a taxa de ocupación sitúase nun 88%, por debaixo da meta fixada, mentres que as taxas de preferencia e adecuación superan o obxectivo, alcanzando un 84% e un 80% respectivamente, e algo inferiores ós resultados acadados no curso anterior

En canto á taxa de abandono (I21) e á taxa de cambio de estudo (I22), os datos dispoñibles sinalan uns valores asumibles e estables, sen indicios preocupantes que poidan poñer en cuestión a estrutura curricular nin a adecuación dos contidos ás expectativas do alumnado.

A nota media de acceso, 5 mantense dentro dun rango coherente co perfil do título, o que asegura unha base académica suficiente para o desenvolvemento posterior das competencias previstas.

Os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 permiten avaliar a percepción do estudantado sobre a calidade do título e a súa adecuación ás expectativas:

No curso 2022-2023, o grao de satisfacción foi positivo, con valoracións medias próximas aos 3,5 puntos sobre 5 nos ítems relacionados coa adquisición de coñecementos, habilidades e organización da docencia. Este resultado reforza a idea de que o título cumpre co seu propósito formativo.

No curso 2023-2024, non se dispón de datos cuantitativos debido á escasa participación do alumnado. Esta limitación impide facer un seguimento comparativo rigoroso, pero resalta a necesidade de mellorar os mecanismos de recollida de información e a implicación do estudantado nos procesos de avaliación da calidade.

A análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o plan de estudos, foron analizadas polo miúdo no punto 6 deste informe e mostran unha tendencia xeral positiva, con moitas materias que superan o 80% de éxito. Isto confirma a consistencia do plan

docente e o bo aproveitamento por parte do alumnado. A nota media da titulación para o curso 22/23 (último dato dispoñible) é de 7.07, o que reafirma esta análise.

Como conclusión sinalar que os datos analizados permiten afirmar que os resultados do Grao en ADE son coherentes co deseño, a xestión e os recursos dispoñibles para a titulación, e que responden ás demandas sociais e profesionais da súa contorna.

O mantemento da demanda, os resultados académicos e a valoración positiva do alumnado reflicten unha titulación sólida, con capacidade de adaptación e con impacto no contexto económico e social ao que serve.

GRAO EN TURISMO

A análise conxunta dos indicadores dispoñibles permite afirmar que o Grao en Turismo presenta, en liñas xerais, un bo grao de axuste entre os seus resultados académicos e as características e obxectivos definidos no seu deseño.

A evolución do número de estudantes de novo ingreso, 16 é moi preocupante; consideramos que este descenso paulatino e progresivo se debe a varios factores externos, como son o impacto da baixada da natalidade, as novas ofertas deste mesmo título no sistema universitario galego, ou a preferencia dos estudantes por ir a outros campus. Porén, dende a dirección considérase que deben emprenderse accións efectivas que permitan incrementar os alumnos de novo ingreso.

A relación oferta/demanda sitúase en niveis baixos, debido a deficitaria taxa de ocupación xa comentada, e unhas taxas de adecuación e preferencia por debaixo dos obxectivos. Porén, se contrastamos estes datos ca satisfacción dos titulados 3.67 podemos afirmar que temos un problema de captación pero que os alumnos que pasan polas nosas aulas consideran que o contido da titulación encaixa coas súas expectativas. Isto indica que o grao segue sendo percibido como relevante e con proxección profesional, especialmente nun sector estratéxico para Galicia como é o turístico.

A taxa de abandono sitúase nun preocupante 42%, diminuindo en 2 puntos o resultado do curso pasado, o que consideramos un dato positivo aínda que debe ser obxecto de análise a evolución por parte da equipa directiva.

A nota media de acceso é un 5 e sitúase nun rango coherente co perfil do grao, sen variacións destacables, o que garante que o estudantado conta cun nivel axeitado para afrontar os contidos da titulación. A duración media dos estudos é de case 5.5 anos, sendo a do ano pasado 5.35; estes datos son coherentes cunha taxa de eficiencia, do 83% inferior o 100%. Consideramos que esta prolongación dos estudos débese a que os alumnos precisan algún tempo adicional para rematar o TFG pois moitos deles traballan tras a realización das prácticas.

En canto aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, os datos recollidos nos cursos 2022-2023 e 2023-2024 permiten realizar unha valoración positiva:

No curso 2022-2023, os resultados mostran unha satisfacción xeral positiva, cunha puntuación media próxima aos 3,5 sobre 5, especialmente nos ítems relacionados coa organización docente e adquisición de competencias.

No curso 2023-2024, os datos dispoñibles amosan unha lixeira mellora con respecto ao curso anterior, cun mantemento das valoracións medias e un incremento lixeiro na satisfacción coa metodoloxía docente e co apoio do profesorado, o que reforza a percepción dunha mellora continua na calidade do grao.

A análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación, segundo os datos do indicador I10 para o curso 2023-2024, permite confirmar que a titulación presenta uns resultados académicos sólidos. Unha porcentaxe elevada de materias supera o 80% de éxito, o que evidencia unha boa planificación docente, metodoloxías adaptadas ao perfil do alumnado e unha correcta progresión do estudantado, se ben a taxa de éxito do TFG sitúase nun 37%, sendo preciso traballar para elevar esta valor. A nota media da titulación no curso 2022-2023 foi de 7,4, o que reafirma o bo nivel de aproveitamento do alumnado.

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

A análise conxunta dos indicadores dispoñibles permite afirmar que o Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte presenta un elevado grao de coherencia entre os seus resultados e o deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor da titulación.

A evolución do número de estudantes de novo ingreso mantense dentro dunha marxe estable, con valores adecuados para unha titulación especializada e de carácter profesionalizante, o que indica que a oferta é proporcionada á demanda e está ben dimensionada respecto á capacidade docente e os recursos dispoñibles.

A relación oferta/demanda presenta valores axustados ás previsións, cunha taxa de ocupación satisfactoria. Isto demostra que a titulación responde a un interese real por parte do estudantado, nun ámbito con crecente demanda no mercado laboral e vinculado a sectores estratéxicos como a saúde, o benestar e o deporte.

As taxas de abandono e de cambio de estudo son practicamente nulas ou inexistentes, o que reflicte unha alta retención do alumnado e unha correcta elección do itinerario formativo. Isto é coherente coa natureza do máster, que adoita acoller perfís moi motivados e con obxectivos profesionais claros.

Respecto aos resultados das enquisas de satisfacción, os datos dos cursos 2022-2023 e 2023-2024 permiten realizar unha valoración moi positiva:

No curso 2022-2023, os datos mostran unha satisfacción elevada por parte do alumnado, cunha valoración media próxima aos 4 puntos sobre 5 nos ítems relacionados coa calidade docente, a coordinación do máster e a utilidade dos contidos para a práctica profesional.

No curso 2023-2024, confírmase esta tendencia positiva, cun mantemento das valoracións e notábel satisfacción co acompañamento do profesorado, a planificación das materias e o enfoque aplicado do máster, elementos que son clave na formación de posgrao orientada ao mundo profesional.

No que respecta ás taxas de éxito, rendemento e avaliación, os datos do indicador I10 para o curso 2023-2024 mostran resultados excelentes. A práctica totalidade das materias presenta un 100% de éxito, cun rendemento medio superior ao 80%, o que evidencia unha planificación docente eficaz, unha metodoloxía axeitada ao perfil do alumnado e unha alta motivación e compromiso por parte deste. A nota media da titulación sitúase en 7.7

Non se detectan materias con resultados preocupantes, e a taxa de avaliación do TFM tamén é alta, mantendo a estabilidade e completando o proceso formativo con éxito para a maioría do alumnado.

En conclusión, os datos analizados permiten afirmar que os resultados do Máster Universitario en Xestión Empresarial do Deporte son plenamente coherentes co seu deseño e co modelo de xestión implantado, aproveitando de forma eficiente os recursos dispoñibles e ofrecendo unha formación especializada, sólida e orientada ao exercicio profesional.

A alta satisfacción do alumnado, os excelentes resultados académicos e a estabilidade da demanda confirman a consolidación do título como unha proposta de calidade, con clara orientación á inserción laboral e á resposta a necesidades emerxentes do sector deportivo e empresarial.

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

O grao de satisfacción do profesorado e do estudantado coa titulación segue sendo un indicador clave para avaliar a calidade do mestrado. No curso 2023-2024 non se dispoñen de novos datos, debido ao carácter bienal das enquisas. Porén, os últimos resultados dispoñibles (curso 2021-2022) mostran valores superiores a 4,5 tanto no caso do profesorado, como do alumnado, o que reflicte un alto nivel de satisfacción.

A satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino mantense en niveis satisfactorios, cunha valoración de 4,04 no curso 2021-2022.

En canto á inserción laboral, a coordinación do mestrado realiza un seguimento propio, que indica que esta se mantén por riba do 80% nas últimas promocións. Cómpre destacar que unha parte significativa do alumnado xa traballa no sector turístico, o que facilita a súa continuidade profesional ou mellora laboral.

Respecto aos indicadores de rendemento académico no curso 2023-2024:

- A taxa de rendemento foi do 66,1%, lixeiramente inferior ao curso anterior (68,86%), pero aínda por riba do obxectivo mínimo do 60%.
- A taxa de abandono mantense elevada, en 21,05%, o que continúa sendo unha das principais preocupacións da coordinación, xa que supera amplamente o obxectivo de estar por debaixo do 10%. Este valor pode ser explicado polo feito de que durante este curso matricularonse alumnos para conseguir un visado, pero non tiveron ningunha vinculación real ca titulación. Xa se adoptaron medidas para evitar estas situacións.
- A taxa de eficiencia foi do 88,89%, superando o obxectivo do 85% e mantendo a tendencia positiva dos últimos cursos.

Puntos débiles detectados na reflexión:

GRAO EN TURISMO

- Baixa taxa de éxito no TFG

Denominación das Accións de mellora

GRAO EN TURISMO

- Establecer un cronograma que posibilita un seguimento do TFG para propiciar a súa presentación

Evidencias nas que basea a reflexión:

E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)

E29: Documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU)

- QSP relacionadas cos Indicadores de satisfacción e rendemento da titulación

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso

I10: Indicadores de resultados

I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso:

I12: Resultados de inserción laboral

I20: Índice das enquisas de satisfacción coas titulacións

I21: Taxa de abandono (Egreso)

I22: Taxa de cambio de estudo

I35: Nota media do acceso

III ACCIÓNS DE MELLORA

III.1 Novas accións de mellora propostas

Neste apartado incluíranse todas as accións de mellora que xurdiron da análise dos diferentes criterios das titulacións.

Na táboa reflexaranse as denominacións das accións de mellora, que deberán coincidir coa denominación que empreguemos para rexistralas na aplicación SGC. Na columna “Alcance” indicárase se a acción de mellora correspondente atinxe a totalidade do centro ou só a unha das titulacións. Na columna “criterio” indicárase cal dos sete criterios está asociado a esta acción.

Todas as accións de mellora deberán rexistrarse e facer o seu seguimento a través da aplicación SGC do sistema de calidade. Isto é moi importante para garantir a trazabilidade dos plans de mellora e afrontar adecuadamente os procesos de avaliación externa.

Acción de Mellora	Alcance	Criterio
Promover a realización do TFG dentro do curso académico	Grao en Turismo	1, 6, 7
Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	Todas as titulacións	3
Incluír na web do centro un apartado onde se recollan os datos das titulacións	Todas as titulacións	2
Mellorar a través do PAT a orientación académica e profesional dada ao alumnado e a os titulados	Grao ADE e Turismo	5
Deseñar accións efectivas de captación de alumnado	Grao Ade e Turismo	1

III.2 Seguimento das accións de mellora establecidas

O seguimento das accións de mellora que non se finalizaron no curso anterior, realizarase na aplicación da secretaría virtual (SGC). Como anexo, a este informe xúntase o documento pdf descargado da aplicación, coa totalidade das accións de mellora activas e as que non estiveran finalizadas no informe anterior.

IV CADRO DE MANDO

IV.1 Análise dos obxectivos e metas

Neste apartado reflexionase sobre a consecución dos obxectivos/metastas de calidade, que se recollen no cadro de mando. A reflexión poderá levar asociada o establecemento de accións de mellora no caso de que os resultados non foran satisfactorios.

Antes de proceder á análise do cadro de mando, indicar que algúns indicadores non teñen unha meta fixada debido ó cambio da memoria para adaptala ao RD 822/2021

GRAO EN ADE

Baseándose nos datos do cadro de mando para o curso 23/24, dispoñibles en xuño de 2025, considérase que o GRAO en ADE cumpre en xeral cos obxectivos establecidos, detectando algúns incumprimentos que pasamos a sinalar:

- Non se alcanzan os obxectivos fixados para o SIGC estando o nivel de cumprimento nun 77%.
- En relación cos indicadores de resultados, a súa consecución é parcial (3/6), debido a que as taxas de graduación, abandono e eficacia afástanse lixeiramente das metas establecidas. Esta situación xa foi detectada e analizada nos apartados anteriores do informe.
- A taxa de ocupación (88%) é inferior á meta establecida (100%) o que impide alcanzar o obxectivo fixado para o indicador Oferta/Demanda de prazas (2/3).
- O indicador de satisfacción ca orientación recibida alcázase parcialmente (2/4) sendo necesario mellorar a orientación académica e laboral das persoas tituladas.
- A meta fixada para o indicador que mide o grao de satisfacción cos RRHH vese incumprida porque a satisfacción do PTXAS cos RRHH, 2.7 non chega a 3.
- Pola súa banda a satisfacción do profesorado ca organización e desenvolvemento da docencia ten unha valoración de 3,97 sendo a meta un 4, polo que consideramos irrelevante esta desviación, pero que fai que para este indicador a meta cúmprase parcialmente (3/4).

GRAO EN TURISMO

Baseándose nos datos do cadro de mando para o curso 23/24, dispoñibles en xuño de 2025, considérase que o GRAO en TURISMO cumpre en xeral cos obxectivos establecidos, detectando algúns incumprimentos que pasamos a sinalar:

- Non se alcanzan os obxectivos fixados para o SIGC, estando o nivel de cumprimento nun 66,7%, inferior á meta do 100%.
- En relación cos indicadores de resultados, a súa consecución é parcial (3/6), debido a que as taxas de eficacia, abandono e rendemento están por debaixo das metas establecidas. Esta

situación require seguimento específico por parte da dirección do centro como xa se apuntou no informe.

- O indicador Oferta/Demanda de prazas presenta un mal resultado pois ningunha das metas parciais se alcanza. Este indicador está vinculado á necesidade de emprender accións de mellora conducentes a promover a captación de novo alumnado recollidas no informe.
- O indicador referido á satisfacción ca orientación recibida no centro presenta un mal resultado pois so se cumpre unha meta das 4 establecidas. Hai que matizar que o incumprimento dos indicadores intermedios está moi preto da meta, agás o referido á orientación laboral e profesional recibida polas persoas tituladas. Considerouse adecuado acometer accións de mellora para intentar reverter esta situación que están contidas no informe. En calquera caso, destacar que aínda que a enquisa de satisfacción mudou, e polo tanto non é estritamente comparable, no curso anterior os ítems vinculados á orientación tiñan resultados próximos a 4.
- As metas relacionadas ca satisfacción con RRHH cómprense no 50%, se ben os ítems que non acadan ó mínimo están pretos do obxectivo, polo que consideramos que non é un problema na titulación.
- Por último, en relación á valoración da satisfacción ca organización e desenvolvemento sinalar que en termos xerais, os resultados son aceptables.

MESTRADO UNIVERSITARIO EN XESTIÓN EMPRESARIAL DO DEPORTE

Baseándose nos datos do cadro de mando para o curso 23/24, dispoñibles en xuño de 2025, considérase que o MÁSTER en DEPORTE cumpre amplamente cos obxectivos establecidos, detectándose incumprimentos puntuais que non están moi afastados de obxectivo marcado, polo que non se considera necesario ir máis aló da súa observación ou adoptar medidas dentro do transcorrer do curso académico.

MESTRADO EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO DE INTERIOR E DE SAÚDE

Baseándose nos datos do cadro de mando para o curso 23/24, dispoñibles en xuño de 2025, considérase que o MÁSTER en TURISMO cumpre amplamente cos obxectivos establecidos, detectándose incumprimentos puntuais que non están moi afastados de obxectivo marcado, polo que non se considera necesario ir máis aló da súa observación ou adoptar medidas dentro do transcorrer do curso académico.

V QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS

Neste epígrafe realizarase unha análise de cada unha das queixas ou suxestións recibidas polo centro e que foron consideradas pertinentes, indicando as respostas ás queixas e as actuacións ou accións de mellora que se estableceron a partir das mesmas. Así mesmo indicárase os motivos dos parabéns recibidos.

Código QSP	Descrición da QSP	Análise das causas da queixa	Actuacións a desenvolver
23/0639	Queixa axente externo	Non se invita a un axente externo a unha entrega de premios	Dáselle unha explicación sobre este proceder
24/0024	Queixa dun estudante por non poder facer o exame de avaliación non continua	O estudante reclama ser avaliado por avaliación global	O alumno non renunciou a avaliación continua e ten que examinarse dacordo co sistema elixido
24/0074; 24/0075; 24/0076;24/0080; 24/0083	Queixa por retraso na publicación de notas	Produciuse un erro en SIGMA coincidindo con días non lectivos	Publicáronse as notas unha vez subsanado o problema
24/0105; 24/0106	Queixa polo enfoque e contido da materia	O estudante considera que non se segue a guía docente	O profesor explica a concordanza entre a guía docente e o desenrolo da materia
24/0212	Queixa pola corrección dos exames	O estudante considera que non se avalían as súas probas adecuadamente	Se lle indica ó alumno a posibilidade de seguir o establecido no Regulamento de Avaliación para que o seu exame sexa novamente revisado.

VI PROGRAMA ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO

Neste apartado realizarase unha explicación do desenvolvemento do programa estratéxico neste curso académico, indicando as accións que se realizaron, os resultados acadados facendo referencia aos indicadores asociados ao mesmo.

A Equipa Decanal da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (FCETOU) abordou durante o curso 2022-2023 a posta en marcha do Procedemento para a elaboración da programación e desenvolvemento estratéxico da FCETOU. Tómasse como base a guía elaborada pola Universidade de Vigo e tense en conta o marco xeral que supón o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026.

As principais accións levadas a cabo e a súa cronoloxía recóllense na seguinte táboa:

Data	Acción	Resultados
25/04/2023	Constitución do grupo de traballo encargado da elaboración do plan estratéxico	Non procede
25/05/2023	Elaboración dun documento 0 por parte da equipa decanal para ser discutido polo grupo de traballo	Recóllense as aportacións feitas polos membros do grupo de traballo.
Ata o 13/06/2023	Prazo para recoller melloras a incorporar ó documento 0	Incorporación de todas as suxestións recibidas
20/07/2023	Sométese a aprobación polo grupo e traballo do documento a enviar á Comisión de calidade e a Xunta de Facultade para a súa aprobación	O grupo de traballo aproba o documento.
Do 08/11/2023 até o 15/11/2023	Exposición pública antes os membros da Xunta de Facultade	Prazo para achegar melloras por parte dos membros da Facultade

Finaliza o curso 2022-2023 cun documento borrador do Programa estratéxico da FCETOU.

No momento en que se elabora este informe, 10 de xuño de 2025, a equipo decanal actual manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e as titulacións ofertadas. É por elo, que considera prioritario a planificación, deseño e posta en marcha dunha estratexia para a Facultade, abordada de forma participativa e colaborativa, considerando a contorna co centro e os principais retos cara o futuro, a través da dinamización do Procedemento para á elaboración do Programa Estratéxico e o Plan Operativo para a FCETOU, tomando como base o borrador existente do programa estratéxico, e establecendo o seguinte plan de acción:

Data	Accións	Resultado
Do 26/05/2025 até o 28/05/2025	Prazo para integrarse de forma voluntaria no grupo de traballo (GT)	Constitución dun novo GT
06/06/2025	Constitución do GT. Adaptación do 1ª borrador ao formato suxerido pola Area de Calidade. Reunión do GT Fanse aportacións ó documento e elabórase un 2º borrador	Elaboración dun 2º borrador
09/06/2025	Envío aos axentes externos do 2º borrador para que fagan aportación	Pendente
Até o 12/06/2025	Prazo para recepción de suxestións	Pendente
13/06/2025	Recepción de suxestións e validación	Pendente
Do 13/06/2025 até 29/06/2025	Exposición pública ante os membros da Xunta de Facultade	Pendente
30/06/2025	Aprobación se procede en CG e Xunta de Facultade	Pendente

VII ANEXOS

Obrigatoriamente deberán xuntarse a este informe:

- Anexo 1: Informe de resultados das titulacións das enquisas de avaliación docente (EAD) do curso obxecto de análise.
- Anexo 2: Plan de mellora, que incorpora as novas accións e o seguimento das accións de mellora establecidas e non pechadas en cursos anteriores (Documento pdf).
- Anexo 3: Documento coas cualificacións das materias das titulacións.
- Anexo 4: Documento coa cualificación de profesorado.

Tamén pódense incluír outra documentación adicional, no caso que o centro pode consideralo de interese

O cadro de mando cumprimentado e actualizado, deberá publicarse anualmente na páxina web do centro.

ANEXO I



Anexo 1 informe
Titulacion EAD Tursi

ANEXO II



Plan de Mellora
Facultade Turismo 2

ANEXO III



Anexo 3
Cualificacions Turisr

ANEXO IV



Anexo 4
Cualificación do Pro